

goso, Golmar, A Gouxa, O Grixario, Groba, Lamas, As Orxeiras, A Pedra, O Ramallal, O Regueiro, Requesende, A Revolta, A Rocha, San Cristovo, San Pantaión, A Tabeira, As Talladas e Ximondes. A localidade, que recibe as augas do río Acheiro, dista 3,5 quilómetros da capital municipal, coa que se comunica a través dunha estrada local. Conserva un pazo do século XVIII, que pertenceu a Pedro Sánchez Barallobre e a Antonio de Mella Vázquez Rubio de la Calle.

GOLONDRINA, La. Periódico que apareceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), en 1894. A publicación prolongouse ata o mes de outubro de 1895.

GOLPA, A. Aldea da parroquia da Pedra (Santa María), concello de Cariño (A Coruña), que non rexistra habitantes e dista 21 quilómetros da capital municipal.

GOLPARRO. Segundo deduciron os expertos polo apelido Golparro e a ausencia de nome propio, trátase dun xograr que resulta imposible de identificar dada a ausencia de datos concretos en torno á súa figura ou á súa actividade poética.

Non obstante, coñécese deste autor un só texto, que apareceu incluído no *Cancioneiro*, xunto coas pezas de poetas como Martín de Ginzo e Mendinho, entre outros. O antedito volume recolle 53 cantigas de 19 autores –case todos xograres– que se caracterizan por versar sempre sobre o estado de ánimo dunha rapaza que vai ou quere ir a unha roma-


ría, de aí que Costa Pimpão lle chame *moça romeira*. Polo xeral nestas composicións de xénero non falta tampouco o nome da Virxe ou do santo patrón (San Servando, San Simón, San Leuter, San Creeçon, etc.).

En canto á creación de Golparro, distínguese por ser unha cantiga de amigo do subxénero da romaría que fai referencia ó santuario de San Creeçon, santo venerado noutro tempo en Tui. Este feito levou a Nunes a crer que o autor era orixinario desta cidade ou dos arredores, polo que tanto podía ser galego coma portugués. Pola contra, Costa Pimpão pensa que posiblemente se trate dun xograr galego.

GOLPE VARELA, Salvador. Xurisculto, político, xornalista e escritor orixinario de Oza dos Ríos, A Coruña), onde naceu o 26 de xuño de 1850 e faleceu o 23 de xuño de 1909. Logo de realiza-la carreira de Dereito en Santiago de Compostela, en 1878 estableceu o seu bufete na Coruña. Con posterioridade, desempeñou durante dous anos o cargo de fiscal municipal e ó longo de dous bienios o de xuíz municipal ata que en 1891 resultou elixido edil do Concello coruñés, do que foi tamén o seu primeiro rexedor sándico e do que conseguiu que se colocasen lápidas recordatorias nas casas onde viviron María Pita, Ramón de la Sagra e José Andrés Cornide. Así mesmo, como concelleiro participou, en 1892, no movemento que se iniciou na Coruña con motivo da supresión da Capitanía Xeral, de tal maneira que formou parte da comisión que percorreu as catro provincias para levanta-lo espírito galego e constituír xuntas de defensa contra os atropelos do poder centralista, acción propagandística que lle custou uns días de prisión.

Participa activo do movemento rexionalista de entón, interveu en diferentes fañadoiros, exerceu como membro do xurado de varios xogos florais e colaborou na creación de institucións como El Folk-Lore Gallego en 1884 (entidade da que foi o seu secretario e da que redactou a súa memoria en 1886), a Asociación Regionalista da Coruña (fundación que levou a cabo en 1890 con Francisco de la Iglesia) ou a Real Academia Galega en 1906.

No campo xornalístico fundou, co periodista coruñés Ramón Faginas e de acordo co partido conservador, *El Clamor de Galicia*, periódico que en 1880 se refundiu con *El Noroeste* e no que permaneceu na súa redacción ata 1887, malia que a publicación cambiou o seu título polo de *El Clamor del País*. Tamén con Faginas e xunto co seu irmán Juan creou en 1894 o diario rexionalista *Unión Gallega*, do que foi o seu director.



Un libro de Salvador Golpe Varela.

Así mesmo, dende os seus comezos en *El Diario de Santiago* (1875), colaborou noutros medios periódicos como *La Ilustración Cantábrica*, *La Ilustración Católica*, *Revista de Galicia*, *El Domingo*, *La Semana*, *Galicia Diplomática*, *El Duende*, *Galicia Humorística*, *La Pequeña Patria*, *La Patria Gallega* ou *Galicia*, ó carón das súas publicacións en varios almanaxes.

A esta produción cómpre sumarlle os seus traballos *El Folklore Gallego en 1884-85: sus actos y acuerdos y discursos de Emilia Pardo Bazán, presidente y memoria de Salvador Golpe secretario* (1886), *De La Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (1894), *Patria y región* (volume que, editado en 1897, foi premiado en Lugo e eloxiado por Juan Maragall), *Regionalismo y lenguaje* (1902) ou *Lambrica* (coidado estudo que publicou en 1907 para tratar de localizala antiga cidade deste nome). Ademais, deixou varios poemas soltos en galego, case todos destinados ó canto. Entre eles salientan “Adiós a Galicia” –composición que musicou Xoán Montes– e “Dous amores” –peza que contou con música de Baldomir e que constituíu unha especie de lied co que o autor se propuxo leva-la fala galega ós salóns.

(Alberto Vilanova Rodríguez)

GOLPEIRAS. Lugar da parroquia de Río Barba (San Paulo), concello do Vicedo (Lugo), que rexistra 2 habitantes e dista 12 quilómetros da capital municipal.

GOLPELLÁS. Lugar da parroquia (San Xoán) do mesmo nome, concello de Calvos de Randín (Ourense), que ten 52 habitantes e dista 4,3 quilómetros da capital municipal.

